

O CONTO DA CRIADA



Irmás Cartoné, 2021

1.ª edición: 2019

2.ª edición: 2021

Título orixinal: *The Handmaid's Tale*

Copyright © O. W. Toad Limited, 1985

Tradución: Celia Recarey e Carlos Valdés

Ilustración de cuberta: Carlos Valdés

Deseño e maquetación: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-121470-4-9

Dep. Legal: C 1842-2021

Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a reprodución total ou parcial do contido desta obra sen a autorización expresa por escrito dos titulares do Copyright © da mesma.

MARGARET ATWOOD

O conto da criada

*Tradución de Celia Recarey Rendo
e Carlos Valdés García*



Para Mary Webster e Perry Miller

Vendo Raquel que non lle podía dar fillos a Xacob e, celosa da súa irmá, díxolle ó seu home Xacob: «Dáme fillos, ou morro».

Xacob enfadouse con Raquel e díxolle: «¿Estou eu no lugar de Deus, que che nega o froito do ventre?».

Ela propúxolle: «Aí tes a Bilhah, a miña serva. Achégate a ela, que dea a luz nos meus xeonllos, e así terei eu tamén fillos por medio dela».


—Xénese, 30:1-3—

Canto a min, despois de extenuarme durante moitos anos ofrecendo pensamentos inútiles, preguiceiros e visionarios, e ao cabo desesperando completamente de ter éxito, tiven a fortuna de dar con esta proposta...

—Jonathan Swift, *Unha humilde proposta*—

No deserto non hai letreiro que diga: non comerás pedras.

—Proverbio sufi—



— I —

NOITE

I

Durmiamos no que unha vez fora o ximnasio. O chan era de madeira vernizada, con raias e círculos pintados para os xogos que antes se xogaban alí; os aros das canastras de baloncesto seguían no seu sitio, malia que as redes desapareceran. Unha galería para os espectadores rodeaba a estancia, e crin poder ulir, vagamente, como nunha impresión residual, o cheiro acre da suor atravesado polo doce indicio da goma de mascar e o perfume das mozas espectadoras, con saias de la, como as que eu coñecía polas fotografías, máis tarde minisaias, despois pantalóns, logo cun só pendente e o pelo de punta con mechas verdes. Alí celebráranse bailes; a música persistía aínda, un palimpsesto de sons inaudibles, estilo sobre estilo, unha corrente de fondo de baterías, un laio apesarado, grilandas feitas con flores de papel, diaños de cartón, unha bóla de espellos xiratoria zarrapicando os danzantes cunha nevarada de luz.

Na estancia había sexo vello e soidade, e a expectación de algo sen forma nin nome. Lembro aquel devezo de algo que estaba sempre a piques de suceder e nunca era o mesmo que as mans que tiñamos enriba alí e entón, na parte baixa do lombo, ou atrás, fóra, no aparcadoiro, ou na sala de televisión co son baixado e só as imaxes escintilando sobre carne estremecida.

Deveciamos polo futuro. Como aprendemos aquilo, aquel talento para a insaciabilidade? Estaba no aire, e aínda seguía no aire, como unha reflexión *a posteriori*, cando intentabamos durmir nos catres do exército que foran dispostos en ringleiras, con espazos entre eles para que non puidésemos falar. Tiñamos sabas de flanela, como as infantís, e mantas do exército, unhas vellanas que aínda dicía EE. UU. Dobrabamos a nosa roupa coidadosamente e deixabámola sobre as banquetas que había aos pés das camas. As luces diminuían, pero non se apagaban. A tía Sara e a tía Elizabeth patrullaban; levaban aguilladas eléctricas penduradas de correas nos seus cintos de coiro.

Pero non armas de fogo, nin sequera a elas se lles podían confiar armas de fogo. As armas de fogo eran para os gardas, escollidos especialmente entre os anxos. Os gardas non estaban autorizados a entrar no edificio a non ser que os chamasen, e nós non tiñamos permiso para saír agás para os nosos paseos, dúas veces ao día, de dúas en dúas arredor do campo de *rugby*, que agora estaba cercado cun valado de tea metálica con arame de espiño na parte de arriba. Os anxos permanecían fóra, dándonos as costas. Eran obxectos de temor para nós, pero tamén de algo máis. Se polo menos mirasen. Se polo menos puidésemos falar con eles. Poderíamos trocar algo, pensabamos, poderíamos facer algún trato, algún negocio, aínda tiñamos os nosos corpos. Esa era a nosa fantasía.

Aprendemos a murmurar case sen son. Na semiescuridade podíamos estender os brazos, cando as tías non miraban, e tocarnos as mans as unhas ás outras a través do espazo. Aprendemos a ler os labios, coas cabezas deitadas nas camas, ladeadas, observando as bocas das demais. Desta maneira intercambiabamos nomes de cama en cama:

Alma. Janine. Dolores. Moira. June.



- II -

DE COMPRAS

Unha cadeira, unha mesa, unha lámpada. Arriba, no teito branco, un adorno en relevo coa forma dunha coroa, e no seu centro un espazo baleiro, enxesado, como o lugar dun rostro ao que lle quitaron un ollo. Debeu de haber unha araña nalgún momento. Sacaron calquera cousa á que se puidese atar unha corda.

Unha fiestra, dúas cortinas brancas. Debaixo da fiestra, un asento cun coxín pequeno. Cando a fiestra está entreaberta —só abre un pouco— pode entrar o aire e facer que se movan as cortinas. Podo sentar na cadeira, ou no asento da fiestra, coas mans cruzadas, e contemplar isto. A luz do sol entra tamén pola ventá e cae sobre o chan, que está feito de madeira en tiras estreitas, moi puídas. Podo ulir a cera. Hai unha alfombra no chan, ovalada, anticuada, de farrapos trenzados. Este é o tipo de detalle que lles gusta: artesanía tradicional, anticuada, feita por mulleres no seu tempo libre, a partir de cousas que xa non teñen máis uso. Un retorno aos valores tradicionais. Quen non malgasta, non pasa falta. Eu non me estou malgastando. Por que paso falta?

Na parede, enriba da cadeira, un cadro, enmarcado pero sen cristal: unha estampa de flores, lirios azuis, acuarela. As flores aínda están permitidas. Temos todas nós a mesma estampa, a mesma cadeira, as mesmas cortinas brancas?, preguntome. Porporciónaas o goberno?

Pensade que isto é como estar no exército, dicía a tía Lydia.

Unha cama. Individual, colchón de dureza media, cuberto cunha colcha branca aveludada. Na cama non se fai nada máis que durmir; ou non durmir. Trato de non pensar de máis. Igual que outras cousas agora, hai que racionar o pensamento. Hai moitas cousas que non resisten que se pense nelas. Pensar pode prexudicar as túas posibilidades, e eu teño intención de resistir. Sei por que non hai cristal diante da acuarela dos lirios azuis, por que a ventá só abre en parte e por que o cristal é irrompible. Non son as fugas o que lles preocupa. Non habiamos chegar lonxe. Son esas outras fugas, esas que unha pode abrir en si mesma, se ten un gume afiado.

Así que, agás por estes detalles, este podería ser o cuarto de invitados dun colexio maior, para as visitantes menos distinguidas; ou o dunha pensión das de antes, para señoritas en situacións complicadas. Iso é o que somos agora. As situacións complicáronsenos, a aquelas que aínda temos situacións.

Pero unha cadeira, a luz do sol, flores non son cousas que se deban menosprezar. Estou viva, vivo, respiro, estendo a man, desprégoa baixo a luz do sol. Onde estou non é unha prisión, senón un privilexio, como dicía a tía Lydia, que amaba as antíteses.

A campá que mide o tempo está tocando. O tempo aquí mídese con campás, como nos conventos doutro tempo. Como nun convento, tamén hai poucos espellos.

Levántome da cadeira, adianto os pés cara á luz do sol, metidos nos seus zapatos vermellos, de sola plana para coidar a columna e non para bailar. As luvas vermellas están enriba da cama. Cólloas, póñoas nas mans, dedo a dedo. Todo, agás as abas a ambos os lados do meu rostro, é vermello: a cor do sangue, o que

O conto da criada

nos caracteriza. A saia é longa, até o nocello, unida a un canesú liso que se estende sobre os peitos, coas mangas longas. As abas tamén son obrigatorias; son para impedirnos ver, pero tamén para impedir que nos vexan. Nunca me acaeu o vermello, non é a miña cor. Collo a cesta da compra, póñoa no brazo.

A porta do cuarto —non do meu cuarto, négome a dicir *meu*— non está fechada. De feito, nin sequer cerra ben. Saio a un corredor lustroso, cunha alfombra polo medio dun rosa empoadado. Como un carreiro que atravesa o bosque, como unha alfombra para a realeza, móstrame o camiño.

A alfombra torce e baixa pola escaleira dianteira e eu vou canda ela, cunha man no pasamáns, que foi unha árbore, transformada noutro século, puída até adquirir un lustre acolledor. A casa é vitoriana tardía, unha casa familiar, construída para unha gran familia rica. Hai un reloxo de péndulo no corredor que leva á maternal sala de estar, coas súas tonalidades cor carne e as súas insinuacións. Unha sala de estar onde nunca sento, senón que fico de pé ou de xeonllos. Ao final do corredor, sobre a porta principal, hai un montante de vidro de cores: flores vermellas e azuis.

Queda un espello, na parede da entrada. Se xiro a cabeza de xeito que as abas brancas que enmarcan o meu rostro dirixan a miña visión cara a el, podo velo mentres baixo a escaleira, redondo, convexo, un espello *trumeau*, como o ollo dun peixe, e eu nel como unha sombra distorsionada, unha parodia de algo, un personaxe de conto cunha capa vermella, baixando cara a un momento de imprudencia que é o mesmo que o perigo. Unha irmá, mergullada en sangue.

Ao pé da escaleira hai un colgadoiro para chapeus e paraugas deses de madeira torneada, con longas varas que se curvan levemente para formar ganchos coa forma das frondes do fento ao abrirse. Hai varios paraugas nel: negro, para o Comandante;

azul, para a esposa do Comandante, e o que teño asignado eu, que é vermello. Deixo o paraugas vermello onde está, porque sei pola fiestra que o día é de sol. Pregúntome se a esposa do Comandante está ou non na sala. Non sempre está sentada. Ás veces óioa camiñar dun lado para outro, un paso pesado e despois un lixeiro, e o suave golpiño do bastón sobre a alfombra rosada.

Percorro o corredor, paso a porta da sala de estar e a porta que leva ao comedor, abro a porta que hai ao final do corredor e entro na cociña. Aquí o cheiro xa non é a cera para mobles. Rita está aquí, de pé a carón da mesa da cociña, que ten a superficie de esmalte branco lascado. Leva o seu vestido habitual de marta, que é dun verde apagado, como a bata dunha cirurxía dos tempos de antes. O vestido parécese moito na forma ao meu, longo e frouxo, pero cun mandil por riba e sen a touca branca e o veo. Ela pon o veo para saír ao exterior, pero a ninguén lle importa moito quen vexa a cara dunha marta. Leva as mangas enrodelladas até os cúbados, amosando os brazos morenos. Está facendo pan, separando as porcións para facer o breve amasado final e despois darlles forma.

Rita veme e fai un aceno coa cabeza, é difícil dicir se é a modo de saúdo ou como simple recoñecemento da miña presenza; limpa as mans no mandil e remexe nas gabetas da cociña á procura do libro dos cupóns. Engruñando as cellas, arrinca tres cupóns e entrégamos. O seu rostro talvez sería amable se sorrise. Pero ese engruñamento das cellas non é nada persoal: é o vestido vermello, e o que este representa, o que desaproba. Cre que podo ser contaxiosa, como unha doenza ou algunha forma de mala sorte.

Ás veces escoito detrás das portas, cousa que nunca faría nos tempos de antes. Non escoito por moito tempo, porque non quero que me cachen. Unha vez, porén, oín que Rita lle dicía a Cora que ela non se rebaixaría desa maneira.

O conto da criada

Ninguén cho pediu, dixo Cora. De todos os xeitos, que ías facer, se se dese o caso?

Ir para as colonias, dixo Rita. Poden escoller.

Coas non-mulleres? E morrer de fame e sabe Deus de que máis?, dixo Cora. Aí pilleite.

Estaban debullando chícharos; mesmo a través da porta case cerrada podía oír o leve tintinar dos chícharos duros ao caer no cunco de metal. Oín que Rita soltaba un gruñido ou un suspiro, de protesta ou de asentimento.

De todas as maneiras, estano facendo por todas nós, dixo Cora, ou iso din. Se non fixera a ligadura de trompas, poderíache estar eu así cando tiña, digamos, dez anos menos. Non é tan mala cousa. Non é o que se di un traballo duro.

Mellor ela ca min, dixo Rita, e abríu a porta. Os seus rostros tiñan a expresión que teñen os rostros das mulleres que estiveron a falar de ti ás túas costas e cren que as oíches: avergoñadas, pero tamén un chisco desafiante, como se estivesen no seu dereito. Aquel día, Cora amosouse máis agradable comigo ca decote; Rita, máis esquiva.

Hoxe, malia a expresión fechada da cara de Rita e os seus labios apertados, gustárame quedar aquí, na cociña. Cora entraría, desde algunha outra parte da casa, coa súa botella de aceite de limón e o seu pano, e Rita faría café —nas casas dos comandantes aínda hai café de verdade— e sentaríamos á mesa de Rita, que é tan de Rita como a miña mesa é miña, e falaríamos de dores e mágoas, de doenzas, dos nosos pés, dos nosos lombos, de todos os tipos diferentes de trasnadas que os nosos corpos, como criaturas revoltosas, nos poden chegar a facer. Asentiríamos coa cabeza para puntuar as voces das outras, indicando que si, que nos ían contar a nós. Intercambiaríamos remedios e trataríamos

de superarnos as unhas ás outras no recital das nosas penurias físicas; queixariámonos levemente, en voz baixa e ton menor, apesaradas como pombas nos caleiros. *Xa sei a que te refíres*, diríamos. Ou unha expresión peculiar que ás veces aínda se lles oe aos vellos: *Xa sei por onde vas*, como se a voz en si fose unha viaxeira que se dirixe a algún remoto lugar. Cousa que podería ser; cousa que é.

Como adoitaba desprezar esas lerias. Agora bótoas en falta. Polo menos eran lerias. Un intercambio dalgún tipo.

Ou rexoubariamos. As martas saben cousas, falan as unhas coas outras, pasan as noticias non oficiais de casa en casa. Coma min, escoitan detrás das portas, sen dúbida, e ven cousas mesmo cando arredan os ollos. Téñoas oído algunha vez, ventei algunha das súas conversas privadas. *Naceu morto*. Ou: *Espetoulle unha agulla de calcetar na barriga*. *Debíana de comer os celos*. Ou un tentador: *Foi deterxente sanitario o que usou*. *Funcionóuchelle de marabilla, aínda que calquera pensaría que el tamén o probará, do borracho que che estaba; pero a ela atopárona ao dereitiño*.

Ou axudarlle a Rita a facer o pan, afundindo as mans nesa mol calidez resistente que tanto se parece á carne. Devezos por tocar algo, algo que non sexa tea ou madeira. Devezos por cometer o acto de tocar.

Pero aínda que o pedise, aínda que quebrantase as normas do decoro até ese punto, Rita non o permitiría. Daríalle demasiado medo. As martas non deben confraternizar con nós.


Confraternizar significa comportarse como un irmán. Iso contoumo Luke. Decía que non había unha palabra correspondente que significase comportarse como unha irmá. *Sororizar*, tería que ser, dicía. Do latín. Gustáballe saber eses detalles. A orixe das palabras, usos curiosos. Eu adoitaba meterme con el por pedante.

O conto da criada

Collo os cupóns da man estendida de Rita. Teñen imaxes das cousas polas que se poden intercambiar: unha ducia de ovos, un anaco de queixo, unha cousa castaña que se supón que é un bisté. Métoos no peto con cremalleira da manga onde gardo o meu salvoconduto.

—Dilles que sexan frescos, os ovos —di—. Non coma a última vez. E un polo, dilles, non unha galiña. Dilles para quen é e así non che tomarán o pelo.

—Vale —digo. Non sorrío. Para que tentala a ter unha amizade?



ESTE LIBRO ENTROU NO PRE-
LO O 29 DE OUTUBRO DE 2021,
BENDITO SEXA O FROITO

NOLITE TE BASTAR DES CARBORUNDORUM